**TECNICO SUPERIOR EN INFORMATICA**

1) Enumera tres metodoloxías Áxiles:
   a) KANBAN, XP e SCRUM.
   b) UML, SCRUM e RUP.
   c) SCRUM, XP e METRICA 3.

2) Cantos certificados electrónicos ten o DNIe e para que serven?
   a) Ten un, xa que é suficiente para autenticarse e a firma electrónica
   b) Ten 4: un para autenticación, outro para firma electrónica e dúas que son copias de seguridade dos primeiros.
   c) Ten 2: un para autenticación e outro para a firma electrónica

3) Cal é incorrecta?
   a) Os sistemas SMP son sistemas multiprocesador onde varios procesadores están conectados a unha memoria principal compartida por todos eles
   b) Os sistemas MPP son aqueles nos que moitos procesadores traballan en paralelo para executar un programa
   c) Os sistemas cluster son un conxunto de computadores moi heteroxéneos, tipicamente conectados por unha rede de alta velocidade

4) En cal das seguintes linguaxes de programación, a indentación/sangrado úsase para establecer a estrutura do programa e é obrigatoria?
   a) Pascal
   b) PHP
   c) Python

5) Con respecto ao modelo entidade-relación (ER). Cal é incorrecta?
   a) O modelo de datos é unha representación conceptual ou abstracción dos datos relevantes, que fai posible que un usuario os perciba como axustados a un patrón e estruturados segundo unhas normas, que veñen dadas pola actividade sobre a que trataría a base de datos
   b) Si un tipo de entidade non ten un identificador propio dise que é débil ou que presenta unha dependencia de identificación
   c) A cardinalidade dun tipo de relación indica o número mínimo de relacións nas que unha entidade pode participar

6) No RFC4949 Internet Security Glossary, clasifícanse diferentes tipos de ataques. Cal dos seguintes non sería un ataque activo?
   a) Phishing
   b) Wiretapping
   c) Denegación de servizo

7) Cantos niveis contémplanse en CMMI (Capability Maturity Model Integration)?
   a) tres
   b) catro
   c) cinco

8) Que conxunto de normas ISO ten maior relación co Esquema Nacional de Seguridade?
   a) ISO 9000
   b) ISO 20000
   c) ISO 27000

9) Nunha mensaxe SOAP, o contido da mensaxe ten formato:
   a) XML
   b) JSON
   c) Binario

10) Cal das sentenzas é incorrecta?
   a) O número de serie dun certificado X509 identifica de maneira única a un certificado
   b) Os certificados X509 emitidos en tarxeta permiten a firma electrónica recoñecida
   c) A identidade do titular forma parte do contido dun certificado dixital

11) O uso de colectores permite, principalmente:
   a) A execución de varios sistemas operativos nunha mesma máquina física
   b) A execución de diferentes aplicacións nunha mesma máquina física de forma illada e portable
   c) A execución de múltiples máquinas virtuais nunha mesma máquina física

12) Cal das seguintes sentenzas diferencia a firma avanzada da recoñecida?
   a) Debe de ser xerada cun dispositivo seguro de creación de firma
   b) Estar baseada nun certificado electrónico recoñecido
   c) Garantir o non repudio na orixe

13) Cal dos seguintes sistemas de xestión de código fonte non é distribuído?

a) GIT
b) Subversion
c) Mercurial

14) Cal dos seguintes non é un preprocesador CSS?

a) SASS
b) REXX
c) LESS

15) Cal dos seguintes sistemas é unha base de datos NoSQL?

a) SQLite
b) Mongo
c) Firebird

16) Como se denominan aplicacións que utilizan as últimas tecnoloxías dispoñibles nos navegadores para ofrecer unha experiencia en móbiles o máis parecida á dunha aplicación nativa.

a) NPA
b) PWA
c) WAP

17) Que linguaxe permite describir e validar un documento xml:

a) XML Rules
b) XML Metadata
c) XML Schema

18) Como se denomina o identificador único dunha entrada nun directorio LDAP?

a) CN
b) DN
c) SN

19) A forma oficial dos topónimos de Galicia é:

a) O castelán
b) O galego
c) Os dous han de utilizarse

20) Son dereitos individuais dos empregados públicos, segundo recóllese no artigo 15 do Estatuto Básico do Empregado Público, que se exercen colectivamente:
   a) A liberdade sindical
   b) A libre asociación profesional
   c) Ambos o son

21) É un dereito fundamental segundo a vixente Constitución española:
   a) O traballo
   b) Unha vivenda digna e adecuada
   c) Garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns (limitando por lei o uso da informática para garantilo)

22) Segundo a vixente Constitución española, o dereito dos españois a entrar e saír libremente de España, nos termos que a lei estableza:
   a) Poderá ser limitado por motivos políticos
   b) Poderá ser limitado por motivos ideolóxicos
   c) Non poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos

23) Son competencias propias da Deputación:
   a) A prestación dos servizos de administración electrónica nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes
   b) A contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes
   c) Ambas o son

24) Cal das seguintes NON é unha competencia propia dos Municipios:
   a) Matadoiro Municipal
   b) Urbanismo
   c) Medio ambiente urbano

25) En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado a:
   a) A normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración
   b) Plan Anual Normativo aprobado que contén as iniciativas lexislativas ou regulamentarias para o ano seguinte
   c) Ambas son correctas

26) A publicación dos diarios ou boletíns oficiais nas sedes electrónicas da Administración competente terá:
   a) Menos validez que a edición impresa
   b) Os mesmos efectos que os atribuídos á súa edición impresa
   c) Só é unha publicación complementaria

27) A Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das AAPP:
   a) Entrou en vigor en outubro de 2016
   b) Entrou en vigor en outubro de 2015
   c) Entrará en vigor en outubro de 2017

28) Sistemas de firma admitidos polas Administracións Públicas:
   a) Calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento
   b) Calquera medio que garanta a integridade e inalterabilidade do documento
   c) Calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento

29) O tratamento dos datos de carácter persoal, segundo a LOPD (Lei Orgánica de Protección de datos):
   a) Requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa
   b) É libre para as Administracións Públicas e en todos os supostos
   c) Está sempre autorizado mentres o interesado non manifeste a súa oposición

30) Segundo a LOPD, son datos de carácter persoal:
   a) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables
   b) Só a información de carácter económico
   c) Só os datos de saúde, ideoloxía, sexo ou relixión

31) Son obrigados a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, segundo a Lei 39/2015:
   a) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica
   b) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria
   c) Ambas respostas son correctas

32) Está obrigada a oficina de rexistro a admitir calquera escrito ou solicitude que presente o cidadán?:

a) A oficina de rexistro ten a obrigación de admitir calquera escrito e comunicación que se presente
b) A oficina de rexistro ten a obrigación de admitir calquera escrito e comunicación que se presente sempre que vaia dirixido a un órgano dunha Administración Pública
c) A oficina de rexistro non ten a obrigación de admitir os escritos e comunicacións que vaian dirixidos a outra Administración Pública

33) Debe haber un Rexistro Electrónico Xeneral en cada Administración?:

a) Si, no prazo máximo de outubro de 2018
b) Non, si se utilíza o Rexistro Electrónico da Administración Xeral do Estado
c) Non, en ningún caso

34) Métrica V3 é:

a) Unha metodoloxía de Planificación, Desenvolvemento e Mantemento de sistemas de información
b) Permite facer o estudo de viabilidade previo do sistema de información a desenvolver
c) Ambas respostas son correctas

35) Achegar unha linguaxe común para facilitar a interacción das Administracións Públicas é un obxectivo de:

a) ENI
b) ENS
c) Norma SICRES 3.0

36) O Esquema Nacional de Seguridade:

a) Está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos para unha protección adecuada da información
b) Será aplicado polas Administracións Públicas para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestione no exercicio das súas competencias
c) Ambas afirmacións son correctas

37) A interoperabilidad semántica:

a) Define os modelos de datos de intercambio e codificaciones asociadas das diferentes administracións
b) Inclúe os aspectos relativos á publicación de servizos a través da Rede SARA
c) Define aspectos relativos á validación de certificados e firmas electrónicas

38) En que consiste a propiedade de atomicidade dunha transacción

a) En que as modificacións realizadas por unha transacción non confirmada non son visibles ao resto de transaccións.
b) En que se executan todas as súas operacións ou non se executa ningunha.
c) En que a confirmación dunha transacción ten prioridade de gravación na base de datos.

39) Segundo a arquitectura ANSI/SPARC, cal dos seguintes NON é un nivel de abstracción para un sistema de administración de base de datos.

a) Nivel conceptual: define como se organiza a información dentro da base de datos.
b) Nivel contextual: define o formato dos datos
c) Nivel externo: define as vistas do usuario.

40) A sentenza de SQL "DROP VIEW" :

a) Destrúe todas as táboas a partir das cales se define a súa expresión
b) Destrúe todas as táboas a partir das cales se define a súa expresión, só no caso de que se puxo a opción WITH CHECK OPTION na creación da vista.
c) En ningún caso afecta as táboas a partir das cales se define a súa expresión.

41) A xestión de nomes de dominio, baixo o código correspondente a España, tena legalmente establecida

a) Red.es
b) Internic.es
c) Mityc.es

42) Cal dos seguintes diagramas de descomposición NON se contempla como técnica en Métrica V3:

a) Funcional
b) Lóxico
c) Organizativo

43) A que categoría pertence o algoritmo de Bayes Naive, aplicado en DataMining
a) Algoritmos de clasificación
b) Algoritmos de regresión
c) Algoritmos de asociación

44) Nun diagrama PERT, o tempo last do último suceso:
a) É sempre cero
b) É maior que o seu tempo early
c) É igual ao seu tempo early

45) Das seguintes cal se considera unha proba de caixa negra:
a) Proba do camiño básico
b) Proba de bucles
c) Proba de partición equivalente

46) Que significa AJAX, nun contexto web:
a) Acelerated Xava eXtensions
b) Asynchronous JAvaScript eXtensions
c) Asynchronous JAvaScrip and XML

47) Quen exerce a potestade sancionadora respecto da Protección de Datos de Carácter Persoal
a) O Ministerio de Xustiza
b) A Axencia Española de Protección de Datos
c) O Goberno

48) Que significa, segundo a RFC 2616, cando unha petición HTTP recibe unha resposta "400 Bad Request"
a) O usuario non está autorizado a ver a páxina solicitada.
b) A páxina solicitada non existe
c) A solicitude do cliente é incorrecta

49) Que linguaxe dos seguintes especifica a sintaxe e os mecanismos de intercambio de mensaxes, nun servizo web:
a) WSDL
b) SOAP
c) UUDI

50) Segundo a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando os prazos se sinalen en días, enténdese que estes son:

a) Hábiles

b) Hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos.

c) Naturais

**PREGUNTAS DE RESERVA**

51) Para que serve WAI-ARIAS

a) É unha recomendación candidata, do W3C, para aplicacións accesibles

b) É un software de validación de páxinas web accesibles

c) É unha variante do estándar WCAJ 2.0 sobre accesibilidade

52) O PERT é:

a) Unha técnica de xestión e avaliación de proxectos

b) Unha metodoloxía de programación aplicada a obxectos

c) Un método de xestión de recursos humanos

53) O Navegador máis utilizado do mercado, ao comezo de 2017, é:

a) Internet Explorer

b) Firefox

c) Chrome

54) Nunha transacción nun Sistema de Xestión de Bases de Datos, que se entende por punto de integridade:

a) O momento despois no que se inicia a transacción

b) O estado da base de datos no momento en que se inicia a transacción

c) O retorno coa confirmación de que a transacción se completou con éxito.

55) Para que se utiliza a cláusula CONSTRAINT, en SQL

a) Para impedir a eliminación dos campos definidos como claves primaria.

b) Para establecer restricións nos valores que pode admitir un campo.

c) Para establecer a obrigatoriedade da integridade referencial nas relacións entre táboas.